



**-CENTRALIDADE METROPOLITANA:** Esta nova mobilidade ten como centro neuráxico o **intercambiador Porto Metropolitano**, no peirao de Calvo Sotelo, que se convertería na porta de entrada á cidade, na súa conexión coa área metropolitana e no punto de paso diario de miles de persoas, dotando de vida e valor ao barrio.

**-UN NOVO BARRIO:** No novo barrio haberá dúas zonas diferenciadas: por unha banda, a zona do peirao de Calvo Sotelo, que contará coa presenza do intercambiador, zonas verdes e un centro de negocios. Por outra banda, a zona de San Diego, de uso residencial con 5.000 vivendas, unha residencia universitaria, zonas verdes, equipamentos como un instituto e unha escola, zonas deportivas e un centro de alto rendemento para atletas.



**-USOS PORTUARIOS:** Algúns elementos portuarios coma a lonxa, manterán a súa actividade. Outros tamén serán conservados, pero a súa función será diferente a actual como o caso da Medusa e do Peirao de Petroleiros.

**-ECOLOXÍA:** A proposta ten un enfoque coidadoso co medio ambiente, tanto directa como indirectamente. Inclúense varias iniciativas dirixidas ao aforro enerxético, á

redución de emisións e á xeración de enerxía aproveitando recursos naturais. A nova mobilidade proposta contribuirá a unha redución do tráfico nos accesos á cidade.

**-EQUILIBRIO E SUSTENTABILIDADE:** Non se están a propoñer obras faraónicas. As actuacións propostas buscan, dende criterios funcionais, a posta en valor e o aproveitamento de patrimonio xa existente. As novas edificacións non supoñen unha barreira entre o mar e á cidade, todo o contrario. Proponse un porto amable para os seus habitantes, un porto que, como leva séculos facendo, siga aportando valor á cidade da Coruña.